

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	MUROS
Edificio	Igrexa de San Xoan de Serres
Dirección	Rúa de Serres, s/n. 15259
	42.7876633 -9.0667812
Protección	
Descrición	O conxunto está composto pola igrexa rodeada por un amplo patio cercado que é o espazo que ocupaba o cemiterio vello onde hai algunhas cruces e panteóns. A partida máis antiga que se conserva no seu arquivo data de 1600, por elo supónse que tamén daquela debería existir algún tipo de igrexa, dende entón sufriu múltiples ampliacións. No século XVIII a Confraría de Nsa. Sra. das Dores paga a construción da capela titular, incorporada ao corpo principal da igrexa. No século seguinte, no ano 1892 faise unha ampliación importante, quedando este edificio con planta de cruz latina: sancristía, presbiterio, nave central e dúas capelas. En 1984 remodelase o presbiterio, desprazándose cara diante o altar de pedra que estaba incorporado ao retablo, tamén de pedra. En 1991 amplíase de novo, quedando a nave central de forma cuadrangular. O deseño actual poderíase considerar basilical. Sobresaíndo a fachada da nave central, onde se atopa a porta principal, está coroada por unha espadana dobre que sostén dúas campás, e remata con un pináculo. Os laterais son de cantería, ao igual que o resto do templo. Presentando o lateral Sur un brasón, xa moi gastado, onde se distinguen tres cuarteis de difícil interpretación, Ramón de Artaza cree distinguir un, relativo a familia Caamaño, e un reloxo de sol na capela maior. Dende a igrexa parroquial saía un viacrucis que subía ata a capela de San Ramón. Pegada á casa reitoral consérvanse moitas das cruces a día de hoxe.
Campás	2 campás.
Fotos	7
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	13-02-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Campá pequena (1)	OCAMPO, JUAN (ARCOS DA CONDESA)	1944	71	207

Espadana	Campá grande (2)	OCAMPO, JUAN (ARCOS DA CONDESA)	1943	84	343
----------	----------------------------------	---	------	----	-----

Información completa: [Igrexa de San Xoan de Serres - MUROS \(GALICIA\)](#)

PDF (16-09-2026)